

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 19 de abril de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día dezanove de abril do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33653.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de abril de 2024.

2.33654.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE XIMNASIO NO INTERIOR DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE A CAÑIZA” (Expte. 2024022271)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021388, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de A Cañiza* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 77.081,55 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Obras de acondicionamento de ximnasio no interior do pavillón de deportes de A Cañiza*”, cuxo orzamento ascende 77.081,55 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	77.081,55	77.081,55	0,00	0,00

O importe da subvención solicitada de 77.081,55 € financia 68.460,30 € de execución de obra, 5.136,45 € de honorarios de redacción de proxecto, 2.371,60 € de honorarios de dirección de obra e 1.113,2 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre os que se pretende actuar, así como os informes técnicos sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..



- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/04/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Cañiza*, CIF: P3600900I, unha subvención por importe de 77.081,55 € co obxecto do financiamento do investimento “*Obras de acondicionamento de ximnasio no interior do pavillón de deportes de A Cañiza*” (Expte.2024022271), cuxo orzamento ascende 77.081,55 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	77.081,55	77.081,55	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Cañiza*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



3.33655.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS DO CRISTO 2024” (Expte.2024021520)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 01/04/2024, con rexistro núm.WEB2024020561, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do *Concello de Cangas* na que solicita unha subvención por importe de 90.000,00 euros, con destino ao financiamento de “Festas do cristo 2024” (Expte.:2024021520), cun orzamento polo mesmo importe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/04/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF:P3600800A, a cantidade de 90.000,00 €, con destino ao financiamento de “*Festas do cristo 2024*” (Expte.:2024021250), cun orzamento polo mesmo importe.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

4.33656.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DE MOBILIDADE PEONIL NA EP 1203 O CAMPO-PARDAVILA” (Expte. 2024020954)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2024, con número de rexistro WEB2024020584, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Marín* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 23ª das reguladoras do Plan, solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 356.593,62 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Marín para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 1203 O Campo-Pardavila*”, sendo o seu orzamento total de 1.188.645,39 € e quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:



Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Achegas doutros Plans
1.188.645,39	356.593,62	832.051,77 (Convenio Infraestruturas e Vías Provinciais)

Consta no expediente o informe técnico sobre a normativa sectorial, aportando a autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024, figurando no expediente a documentación requirida.

Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do convenio que se co-financia, sen superar en ningún os prazos establecidos nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/a competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, ordenación, instrución, procedemento e resolución.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/04/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 356.593,62 €, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a execución do proxecto: “*Mellora de mobilidade peonil na EP 1203 O Campo-Pardavila*” (Expte. 2024020954) cuxo orzamento que ascende a 1.188.645,39 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Achegas doutros Plans
1.188.645,39	356.593,62	832.051,77 (convenio Deputación de Pontevedra)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención e previa aprobación e sinatura de convenio de colaboración, xerarse crédito no correspondente aplicación orzamentaria e realizáranse as oportunas operacións en formalización.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o *concello de Marín* e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.33657.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PROGRAMA PON2030 DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA ESTACIÓN DO TREN DE PONTECESURES”. (Expte.2024016224)

En data 08/11/2023, asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Pontecesures* co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento da contorna da estación do tren de Pontecesures*” (Expte. 2023030388). Con base a un orzamento que ascendía a 466.268,60 €, a Deputación de Pontevedra concedeu, ao abeiro do Plan PON2030, unha subvención por importe de 347.741,00 euros e o Concello tiña que aportar 118.527,60 €.



Pola súa banda, o Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 06/03/2024, mediante rexistro WEB2024015486, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Pontecesures* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 118.527,60 €, para financiar a súa achega municipal ao investimento “Acondicionamento da contorna da estación do tren de Pontecesures” (Expte. 2024016224).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a devandita base 1ª permite aos Concellos destinar a cantidade asignada ao abeiro deste plan a financiar as achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e os prazos de execución sexan similares.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 09/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Pontecesures*, CIF: P3604400F, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, por importe de 118.527,60 € co obxecto do financiamento da achega municipal ao Programa PON2030 do investimento “*Acondicionamento da contorna da estación do tren de Pontecesures*” (Expte.2024016224), cuxo orzamento ascende 466.268,60 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
2024	466.268,60 €	118.527,60 €	347.741,00 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerarse crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030 e realizaranse as oportunas operacións de formalización
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Programa PON2030 aprobado por acordo plenario núm. 2.7960 de 06/03/2023 (BOPPO nº 46 do 07/03/2023)
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontecesures*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.33658.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DA SENDA VERDE NA ANTIGA VÍA FÉRREA (FASE II)” (Expte.2024017406)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 12/03/2024, mediante rexistro WEB2024016798, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Redondela* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 315.553,86 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Construcción da senda verde na antiga vía férrea (Fase II)*”, cuxo orzamento ascende 315.553,86 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
315.553,86€	315.553,86€	0,00€	0,00€

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar así como contrato de arrendamento entre ADIF e o concello de Redondela para a posta en marcha da “Vía Verde de Redondela-Vigo no T.M. de Redondela”; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia, da Consellería de Industria e ADIF, e informe de AQUALIA, todos eles xa solicitados.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a, agás no relativo á aprobación do documento técnico e acta de trazado previo (Anexo III) por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, de outorgamento de autorizacións sectoriais.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/04/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* (CIF:P3604500C), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 315.553,86 € co obxecto do financiamento do investimento “*Construción da senda verde na antiga vía férrea (Fase II)*” (Expte.2024017406), cuxo orzamento ascende 315.553,86 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
315.553,86€	315.553,86€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, ao estar pendente de outorgamento, no momento de presentarse a solicitude de subvención, as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Industria e Innovación e do ADIF e informe de AQUALIA, a concesión da subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado as devanditas autorizacións sectoriais, a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (anexo III).



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33659.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMILA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte. 2024022381)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.



Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE RIBADUMIA					
Data de presentación:		03/04/2024 (registro WEB2024021978)			
Data de emenda da solicitude:		03/04/2024 (registro WEB2024022169)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	<i>1 oficial albanel, 3 peóns de obras públicas, 2 mozos/as de recollida de lixo, 1 monitor/a de ocio e tempo libre e 1 técnico/a de urbanismo a xornada completa durante 8 meses</i>	117.774,48 €	117.774,48 €	15.461,79 €	102.312,69 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE RIBADUMIA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	102.312,69 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
O contrato proposto ten un prazo de duración de cinco anos, coa posibilidade de cinco prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 72.600,00 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 11 de marzo de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado suxeito á lexislación patrimonial. O procedemento a aplicar é o concurso público, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 124.1 LPAP. A versión definitiva da memoria asinase con data 10 de abril de 2024.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 11 de marzo de 2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

En data 13 de marzo de 2024 emítese informe favorable da Secretaría Xeral.



Visto que con data 13 de marzo de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

En data 15 de marzo de 2024 Intervención solicitou con carácter previo á fiscalización do expediente de contratación informe xustificativo, emitido por técnico competente, sobre a valoración da prestación económica que se estima como valor de mercado e que non se incorpora ao expediente.

Emitiuse en data 26 de marzo de 2024 o correspondente informe solicitado ao servizo de Arquitectura.

Visto o informe favorable da Intervención, de data 09 de abril de 2024, coas seguintes observacións:

“Outros posibles custes adicionais derivados do contrato, como a experiencia ven demostrando e están informados na proposta, son:

- *Servizos de traslado de mobiliario, documentación e equipamento, no caso de que proceda. O importe estimado é de 3.500, euros, IVE engadido no caso de cambio de local. Se procede, tramitarase en expediente aparte, e este importe será a cargo da Deputación.*
- *Limpeza da oficina: No é preciso, salvo algunha limpeza extraordinaria de carácter puntual.*
- *Servizos conexos: Luz, auga, sumidoiros, gas e lixo serán a cargo da Deputación de Pontevedra. Ao estaren asumindo os mesmo gastos no antigo local, estímense similares.*
- *O IBI será a cargo da propiedade do local arrendado.*
- *Obras de adecuación do local: Non se consideran precisas ao requirir un local xa acondicionado.*
- *Cotas da comunidade de propietarios: A cota da comunidade do edificio será a cargo do propietario, así como a subscripción ou disposición dun seguro de danos.”*

Visto que con data 4 de marzo de 2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400053416 polo importe de 4.517,33 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/932.9320.202.00 do vixente orzamento provincial, para atender ás obrigacións que se deriven deste contrato para o exercicio 2024.

Tendo en conta o artigo 9.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o cal os contratos de arrendamento de inmobles son contratos de natureza privada, suxeitos á lexislación patrimonial, e negocios xurídicos excluídos da citada Lei de contratos do sector público.

Tendo en conta o artigo 124.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, segundo o cal os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida, agás que, de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben, considérese necesario ou conveniente concertalos de modo directo.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de gastos plurianuais cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante concurso público, do “*Arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será de cinco anos, contado desde a posta a disposición do local.

Establecese a posibilidade de cinco prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 72.600,00€. O valor estimado é de 120.000,00 €.

ORZAMENTO MÁXIMO MENSUAL (Renda):

Importe máximo mensual sen IVE	1.000,00 €
IVE (21%)	210,00 €
Importe máximo mensual total	1.210,00 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: ZLDTQXUM92F79PYN) e de prescricións técnicas (CSV: A3117W6S3SVTHF3M) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar polo importe máximo de 72.600,00 euros, do cal a cantidade de 4.517,33 euros será a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 24/932.9320.202.00 do vixente orzamento provincial.

Respecto ao gasto das anualidades 2025, 2026, 2027, 2028 e 2029 contabilizaranse nas correspondentes aplicacións, que serán, no seu caso, a 932.9320.202.00, quedando condicionado o gasto á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

O cadro de financiamento poderá sufrir modificacións en función da data na que se formalice o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Martín Iglesias Ferreirós, xefe do servizo de Coordinación do ORAL da Deputación de Pontevedra.



5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

18.33670.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, DO STAND QUE REPRESENTARÁ A TURISMO RÍAS BAIXAS - DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN FEIRAS DE TURISMO DURANTE O ANO 2024”.
(Expte.2023076291)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18/03/2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20/03/2024. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11/04/2024, comproba que non existiron sobres “A” de empresas licitadoras que presentasen ofertas a este procedemento e, en consecuencia, acordou retirar da mesma orde do día a apertura dos sobres “B” e propoñer ó órgano de contratación a declaración de deserto do devandito procedemento.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aceptar a proposta da mesa de contratación, de data 11/04/2024, de declarar deserto o procedemento aberto convocado para a contratación do “*Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024.*”



19.33671.- APROBACIÓN DO CAMBIO DA DIRECCIÓN DA OBRA “URBANIZACIÓN DA RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO EN BARRANTES (CONCELLO DE RIBADUMIA)”. (Expte. 2023056043)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22/03/2024 acordou nomear director da “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)” ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don Jaime Ruibal de Sola.

Resultando.- Que mediante escrito que figura no expediente con CSV: LSJM9XVGF3V911D1, o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)” por motivos de organización do departamento técnico, proponendo para exercer dita labor ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don José Domínguez Fernández.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o nomeamento de Don Jaime Ruibal de Sola como director da obra “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)”
2. Nomear director da obra “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)” ó enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don José Domínguez Fernández.

20.33672.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DO CENTRO INFANTO-XUVENIL AGARIMO E ALMACÉN XERAL DE CPF”. (Expte. 2023006141)

Resultando.- Que o Centro Príncipe Felipe traslada a necesidade de acometer as obras de substitución do material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo y Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe debido que a actual cuberta presenta diferentes problemáticas relacionadas con filtracións de auga, fisuras en material de cubrición que provocan desprendementos nos parámetros verticais e horizontais exteriores; deterioro de canalóns e baixantes interiores que producen filtracións e desprendementos de acabados interiores; presenza de baixantes exteriores non conectadas a arquetas de pluviais para a evacuación de auga, o cal provoca encharcamentos e danos nas fachadas da edificación.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe, solicitando iniciar a tramitación da licitación do procedemento aberto simplificado para a adxudicación do contrato de obras “Substitución do material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por Freire y Vázquez arquitectos, S.L.P. o proxecto de execución da obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF”, cun orzamento base de licitación de 956.059,45 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) QCWJ3JWB7MFC1JB6.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 202300204374 e 202300204373, por importe de 303.758,70 € e 652.300,75 € respectivamente con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.03, 23/232.2312.632.03.2022.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2023 acordou o proxecto de execución da obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF” redactado por Freire y Vázquez arquitectos, S.L.P., cun orzamento base de licitación de 956.059,45 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) QCWJ3JWB7MFC1JB6.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente oficio do Concello de Pontevedra con CSV: CSZQXT4Z8RY9SSDM, no que se recolle que ao abeiro do artigo 142.3 da LSG e 360.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as obras proxectadas atópanse entre as susceptibles de acollerse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.



Resultando.- Que consta no expediente modelo 514VLBIS de comunicación previa de obras, coa restante documentación requirida, presentado no rexistro electrónico do Concello de Pontevedra na data 21/09/2023 baixo o número 2023041584.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación con CSV: G66KEDUA9SKYE40B, no que se recolle que se estima que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF" cun orzamento base de licitación de 956.059,45 € IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 04/01/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 01/02/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do contrato de obras " Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF)"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CIVIS GLOBAL, S.L.
- CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
- CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A..

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que os técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas e D. Roberto Martínez Padín, con data 21/03/2024 emitiron o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	20,00	1,00	21,00
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	14,00	1,00	15,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	8,00	2,00	10,00
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	22,00	1,00	23,00
CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR, S.L.	8,00	2,00	10,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	16,00	2,00	18,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 04/04/2024 en base ó informe dos técnicos do Servizo de Arquitectura, Dona Verónica Chaves González, Dona María José Fernández Lamas e D. Roberto Martínez Padín, con data 21/03/2024, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que as empresas CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUERIO, S.L.e CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR, S.L., non obtiveron a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, polo que deben de ser excluídas.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre "B"				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CIVIS GLOBAL, S.L.	749.835,06 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	731.555,21 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	748.649,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	725.024,92 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación Sobre "B"
	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
CIVIS GLOBAL, S.L.	16,00	5,00	5,00	5,00	31,00
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	23,25	5,00	5,00	5,00	38,25
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	16,47	5,00	5,00	5,00	31,47
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	25,83	5,00	5,00	5,00	40,83

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF", que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre "A"	Puntuación sobre "B"	Puntuación total
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	40,83	58,83
2	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	23,00	31,47	54,47
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	15,00	38,25	53,25
4	CIVIS GLOBAL, S.L.	21,00	31,00	52,00



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF” á empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., por un importe de 877.280,15 €, IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (CIF A70319678), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e o rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia (num 4171) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 36.251,25 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 10/04/2024 con número de operación 202400079563.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa Aquatica Ingeniería Civil, S.L. (B36962314), o lote 4do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra, correspondente a actuacións fóra da rede provincial, así como edificacións, construcións ou instalacións.



Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio de expediente, á empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. para a adxudicación do Contrato derivado lote 4 AM seguridade e saúde na obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF”, por un importe estimado de 5.982,97 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) 06PJTWLBBUSYDMLA no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/232.2312.632.03, dentro do proxecto de gasto nº 2020051026, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202300226882.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas *Construcciones Castro Figuerio, S.L. e Cubiertas e Pinturas Hergar, S.L.*, pois non obtiveron a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas, polo que deben de ser excluídas.
2. Adxudicar á empresa *Prace Servicios y Obras, S.A.* (CIF A70319678), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF*”, por un importe de 877.280,15 €, IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	725.024,92 €
IVE (21%)	152.255,23 €
Importe Total.....	877.280,15 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.



Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 24/232.2312.632.2022 e 24/232.2312.632.03.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023006141.

3. Adxudicar á empresa *Aquatica Ingeniería Civil, S.L.* (B36962314), o Contrato derivado lote 4 AM seguridade e saúde na obra “*Substitución de material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF*”, por un importe de 5.982,97 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	4.944,60 €
IVE (21%).....	1.038,37 €
Importe Total.....	5.982,97 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 24/232.2312.632.03.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023065547.



21.33673.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DUN “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2024002812)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de marzo de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dun servizo de inplantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincial de Pontevedra (Expte. 2024002812).

No mesmo acordo, acordouse invitar á empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación da través da Plataforma de licitación electrónica (VORTAL) que se produce o día 08/03/24.

En data 18/03/24 a empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) presenta oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	1.698.776,70 €
IVE (21%)	356.743,11 €
Importe ofertado con IVE	2.055.519,81 €

Procedeuse a efectuar unha valoración da oferta presentada, de conformidade cos criterios de adxudicación, quedando na primeira fase clasificada a súa oferta na seguinte posición:

EMPRESA	POSICIÓN
ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (CIF: A50878842)	1ª

A continuación, conforme ao establecido na cláusula 13 da parte xeral do prego administrativo, iníciase a segunda ronda de negociación convidándolle a presentar, nun prazo non superior a corenta e oito horas, unha oferta nova ou revisada que mellore a primeira nos aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación, e que será a considerada como a oferta definitiva. As proposición presentada terá carácter firme e deberá manterse, en todo caso, ata o prazo máximo de resolución do procedemento.



Con data 26/03/24 a empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) ratificou a oferta presentada inicialmente, conforme aos criterios de valoración establecidos nos pregos reguladores do procedemento, obtendo o seguinte resultado:

Criterios	Oferta	Puntuación
Prezo ofertado	1.698.776,70 €	3,845 puntos

Por Resolución Presidencial nº 2024002522 de data 01/04/2023 requírese á citada empresa para que no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación xustificativa da solvencia técnica e a garantía definitiva.

A empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842), presentou a documentación requirida a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra con data 10/04/24 (REX_WEB2024024100) e constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 84.938,84 €, segundo consta en carta de pago con número de operación 202400080339 de data 11/04/24.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar á empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) o contrato dun “Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincial de Pontevedra” polos seguintes prezos ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Importe ofertado sen IVE	1.698.776,70 €
IVE (21%)	356.743,11 €
Importe ofertado con IVE	2.055.519,81 €

O prazo de duración do contrato será de 3 anos desde a data de inicio, que é posterior ao 10/03/2024, xa que existe un contrato en vigor. Está prevista unha prórroga cunha duración dun ano.

Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.



As obrigas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte desglose:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total co IVE
2024 (9 meses)	24/926.9260.227.06	513.879,95 €
2025	25/926.9260.227.06	685.173,27 €
2026	26/926.9260.227.06	685.173,27 €
2027 (3 meses)	27/926.9260.227.06	171.293,32 €
TOTAL		2.055.519,81 €

Os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2025, 2026 e 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provincias.

Forma de pagamento: Parcial.

Fitos de facturación:

A Deputación realizará o pagamento á empresa contratista cunha periodicidade mensual, polos servizos prestados naquelas entidades locais implantadas, prorrateándose o importe para aqueles casos nos que a implantación se realice durante o período de facturación.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.: 2024002812	
Órgano xestor: LA006132	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



22.33674.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6402 PORTODEMOUROS-PONTE DE SAN XUSTO (CONCELLO DE VILA DE CRUCES)”, POLO PROCEDIMENTO DE VALIDACIÓN. (Expte.2023013685)

Por Resolución Presidencial 2023007078 de data 19/03/2023 adxudícase polo procedemento aberto simplificado á empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL (NIF B-36533537) a execución da obra “*Reposición de firme na EP 6402 PortodemourosPonte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)*”, por un importe de 109.445,11 €, 21% de IVE incluído, e cun prazo de execución de CATRO (4) MESES.

A formalización do contrato realizouse en data 21/09/2023, dando comezo o prazo de 1 mes para asinar a correspondente acta de comprobación do replanteo.

En data 19/10/2023, asínase a acta de comprobación de replanteo negativa, polos seguintes motivos “*Por mor da climatoloxía propia desta época do ano, non é posible realizar as unidades de obra do contrato, por iso acórdase a suspensión da obra ata superarse a citada causa*”.

Consta no expediente CIVIDAS informe complementario asinado polo Enxeñeiro César Paredes Rodríguez, no que solicita a suspensión o inicio das obras polos motivos antes expostos, dende o día 19 de outubro de 2023 ata que mellore a climatoloxía e se poidan realizar os traballos.

Desaparecidas as causas que motivaron a suspensión do inicio das obras en data 5/03/2024 asínase entre o contratista e o director de obra, a acta de reinicio da obras, na que se recollen as seguintes observacións:

“Por mor da climatoloxía suspendéranse as obras con data 19 de outubro de 2023, por non ser posible realizar nesas condicións as unidades de obra do contrato. Superadas as citadas causas, levántase acta de reinicio de obras”

Con data 5/03/2024, comeza o prazo de 4 meses para a execución das obras, polo que a data de finalización sería o día 5/07/2024.

Con data 2/04/2024, ten entrada no REX_WEB2024021332, certificación nº 1 da citada obra e factura nº de expediente 2024022140 por importe de 109.445,11€

Visto o informe da Intervención de data 3/04/2024, relativo á certificación núm. 1 da obra: “*Reposición de firme na EP 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)*”, por importe de 109.445,11 euros, no que se conclúe que:

“Dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto”, e recolle a seguinte observación: “Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado de data 19/10/23 na que indica que por mor da climatoloxía non é posible realizar as unidades de obra do contrato, non consta a aprobación do inicio da suspensión da execución do contrato, comezando as obras 4 meses e medio despois da acta de comprobación de trazado negativa”.



Considerando. O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio 2022, concretamente na base 17.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Validar o inicio da suspensión da execución do contrato das obras de “*Reposición de firme na EP 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)*” de conformidade coa acta de replanteo negativa de data 19/10/2023 no que recolle a seguinte observación:

“Por mor da climatoloxía propia desta época do ano, non é posible realizar as unidades de obra do contrato, por iso acórdase a suspensión da obra ata superarse a citada causa”

Segundo: Validar o inicio da execución do contrato segundo acta de reinicio de data 5/03/2024, no que se recolle a seguinte observación:

“Por mor da climatoloxía suspendéranse as obras con data 19 de outubro de 2023, por non ser posible realizar nesas condicións as unidades de obra do contrato. Superadas as citadas causas, levántase acta de reinicio de obras.”

Terceiro: Aprobar a certificación nº 1 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.		
(NIF B-36533537)	24/456-4530-612.01.2022	109.445,11€
	SUBTOTAL	109.445,11 €
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	3.040,35 €
Control de calidade (3% PEM Lic)		2.483,14 €
Total descontos	Id.	5.523,49 €
	TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR	103.921,62€



23.33675.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LETTER INGENIEROS SOCIEDAD LIMITADA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E DIRECCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR” DOS PROXECTOS IDAE NÚMERO FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 -LOTES 1 AO 5”. (Expte.2021040008) (Devogarán 2024021678)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 28 de xaneiro do ano 2022 (CSV.- U68H50MBK9D43S5Y), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de “*Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚMEROS FEDER EELL2020004168 (Lote 1), FEDER EELL2020004561 (Lote 2), FEDER EELL2020004515 (Lote 3), FEDER EELL2020004530 (Lote 4) e FEDER EELL2020004626 (Lote 5)*”. (Expte. 2021040008).

Para responder da correcta execución destes lotes, a empresa Letter Ingenieros, S.L. (B-19522028), constituíu na Tesourería desta Deputación, as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos contratos, que foron as seguintes:

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
LETTER INGENIEROS, S.L. (B-19522028)	1	2.446,98€	202200013546	24/01/2022
	2	2.400,58€	202200013547	24/01/2022
	3	2.005,39€	202200013549	24/01/2022
	4	1.882,67€	202200013544	24/01/2022
	5	2.279,19€	202200013548	24/01/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Cooperación (CSV.- KENY4SZXERBOH89I), no cal sinala que “*a empresa cumpriu satisfactoriamente cos contratos*” e que “*En conclusión, segundo o exposto, e a vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, informase que a empresa cumpriu co seus contratos e non resulta a aplicación de responsabilidades; e polo tanto, pódese proceder coa tramitación da devolución da garantía en cada un dos lotes pola cantidade depositada pola empresa e que se indicaba anteriormente*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- EYCFIW0FG58NWX6I), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade mercantil *Letter Ingenieros, S.L.*, das garantías definitivas depositadas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes 1 ao 5 que compuxeron o contrato de “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚMEROS FEDER EELL2020004168, FEDER EELL2020004561, FEDER EELL2020004515, FEDER EELL2020004530 e FEDER EELL2020004626”, que foron os seguintes:

Lote 1.- *Iluminación exterior e sostible V (Proxecto IDAE número FEDER EELL2020004168: Municipios de Agolada, Baiona, Barro, Bueu e Caldas de Reis).*

Lote 2.- *Iluminación exterior e sostible VI (Proxecto IDAE número FEDER EELL2020004561: Cambados, Crecente, Forcarei, O Grove e A Guarda):*

Lote 3.- *Iluminación exterior e sostible VII (Proxecto IDAE número FEDER EELL2020004515: Marín, Meaño, Meis e Mondariz-Balneario):*

Lote 4.- *Iluminación exterior e sostible VIII (Proxecto IDAE número FEDER EELL2020004530: Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas):*

Lote 5.- *Iluminación exterior e sostible IX (Proxecto IDAE número FEDER EELL2020004626: Municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa):*

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil LETTER INGENIEROS, S.L. (B-19522028), por resultar adxudicataria dos lotes que compuxeron dito contrato, que son os seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de dous mil catrocentos corenta e seis euros con noventa e oito céntimos (2.446,98 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/01/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200013546.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de dous mil catrocentos cincuenta e oito euros (2.400,58€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/01/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200013547.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de dous mil cinco euros con trinta e nove céntimos (2.005,39€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/01/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200013549.



- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de mil oitocentos oitenta e dous euros con sesenta e sete céntimos (1.882,67€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/01/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200013544.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de dous mil douscentos setenta e nove euros con dezanove céntimos (2.279,19€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/01/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200013548.

24.33676.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MONFORTE, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 3 DO ACORDO MARCO CONVOCADO PARA REGULAR A “SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN RÉXIME DE ALUGUER PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA > AUTOBÚS CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”. (Expte.AM2020044426 / CB2023056107) (Devogarán 2023073928)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021 (CSV.- 3REGM52T096YU3AN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2020044426).

Dentro deste Acordo Marco, por Resolución Presidencial número RP2023006739, de data 5 de setembro de 2023 (CSV.- GDMV10QDDKWDYG5D), adxudicouse o Contrato Basado 2023056107, correspondente a <Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra á Empresa Monforte, S.A.U.>” (Lote 3. CPF / 2023056107).

Para responder da realización deste Contrato Basado, a entidade mercantil EMPRESA MONFORTE, S.A.U. (A-15019243), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de dito CB (IVE Excluído), que é o seguinte:

Empresa	Importe	Carta pago	Data
EMPRESA MONFORTE, S.A.U. (A-15019243)	525,00€	202300194649	15/09/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Centro Príncipe Felipe (CSV.- IJX1NYBRXZCB0HH2), no cal sinala que EMPRESA MONFORTE, S.A.U., realizou a totalidade da prestación, e que o contrato se executou a satisfacción da Administración, non existindo obrigas pendentes de cumprimento, cumprindo polo tanto, satisfactoriamente co obxecto do mesmo, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- JUVN8X4Y1NW46PH2), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil EMPRESA MONFORTE, S.A.U., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Basado 2023056107 correspondente a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra á Empresa Monforte, S.A.U. > (Lote 3. CPF / Núm. Expte. 2023056107)*”, sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 525,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/09/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300194649.

25.33677.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024. (Expte. 2024024225)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2024*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2024*” que se achegan no expediente.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2024*” (CSV: YMCSYWLA64MX613L) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2024*” (CSV: L074FHIKXYWDNBLM), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

26.33678.- APROBAR POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A XUSTIFICACIÓN PRESENTADA POLO CSIC-INCIPIT DA CANTIDADE RESTANTE DA ACHEGA DA 1ª ANUALIDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, NO MARCO DO CONVENIO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A AXENCIA ESTATAL DO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS M.P. (CSIC), A TRAVÉS DO INSTITUTO DE CIENCIAS DO PATRIMONIO, PARA REALIZAR INTERVENCIÓNS EN XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ESTUDIOS DE MATERIAIS (Expte.2022033316)

Con data de 27 de maio de 2022, polo Pleno da Corporación foi aprobado o Convenio de encomenda de xestión entre a Deputación de Pontevedra e a Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas M.P. (CSIC), a través do Instituto de Ciencias do Patrimonio, para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais.

Dito Convenio foi asinado polas partes o día 8 de xuño de 2022. Na cláusula sexta de dito convenio establécese que o pagamento dos gastos se realizará mediante pagos parciais previa presentación da correspondente documentación que nela se recolle.

Con data 30 de outubro de 2022, foi aboado ao CSIC-INCIPIT o 30% da aportación prevista para a primeira anualidade (11.640,96 €).

O 27 de febreiro de 2023 o CSIC-INCIPIT presenta no rexistro certificación económica dos gastos (CSV: FNZBRMAAX124E5LQ) e, tras diversos requirimentos e achega de documentación de emenda, o Arqueólogo provincial emite informe con data 15 de decembro de 2023 (CSV: 3P7YXX6NW68AMWAI), no que sinala que a certificación económica remitida se axusta ao recollido no citado convenio, podendo darse por válida.

Con data 15 de febreiro de 2024 polo Servizo de Turismo emítese informe (CSV: PLFRCRGXBLGZQVK7) no que conclúe que resulta unha compensación a pagar de 3.450,26 € unha vez descontado o anticipo (11.640,96 €), sendo o gasto total xustificado da primeira anualidade de 15.091,22 €.



Con data 22 de marzo de 2024 polo Servizo de Turismo emítese informe (CSV: 2VRK7NCS0W7FZ9KR) no que propón a súa aprobación pola Xunta de Goberno ao tratarse de gastos correspondentes a exercicios pechados.

Con data 22/03/2024 a área de Intervención emite informe favorable o expediente, indicando que dada a demora producida non imputable ao CSIC, e que unha parte das actuacións previstas foron executadas no ano 2023, de conformidade co recollido no texto do Convenio, o gasto imputarase á aplicación 24/433.3362.227.99.2023 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito para facer fronte a este gasto por importe de 3.450,26 €, atopándose en fase de gasto comprometido (ADREM 20240007151), debendo evitarse no futuro este tipo de situacións, establecendo que o órgano competente para aprobar esta xustificación é a Xunta de Goberno en aplicación da base número 17ª.1 das aprobadas para a execución do vixente orzamento, por tratarse de gastos de exercicios pechados

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Réxime Xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- ✓ Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- ✓ Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- ✓ Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- ✓ Convenio de encomenda de xestión entre a Deputación de Pontevedra e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais , publicado no BOPPO núm.110 de 9 de xuño de 2022.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

O Convenio de encomenda de xestión entre a Deputación de Pontevedra e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais , publicado no BOPPO núm.110 de 9 de xuño de 2022. Que por parte da Deputación, o Servizo de turismo será o responsable do proxecto.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedemento de xustificación

Cláusula sexta do Convenio de encomenda de xestión entre a Deputación de Pontevedra e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais, publicado no BOPPO núm.110 de 9 de xuño de 2022.

REXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), a base 17ª.1 das aprobadas para a execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, o órgano competente para aprobar esta xustificación é a Xunta de Goberno porque a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial do crédito, por tratarse de gastos de exercicios pechados.

CONCLUSIÓNS

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informes da xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 22/03/2024 (CSV: 2VRK7NCS0W7FZ9KR) e o informe da área de Intervención, de data 22/03/2024 (CSV: CX4YAYI8T0MDI28B), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito a xustificación presentada polo CSIC-INCIPIIT, por un importe de tres mil catro centos cincuenta con vinte e seis céntimos (3.450,26 €), a xustificación presentada polo CSIC-INCIPIIT da cantidade restante da aportación da 1ª anualidade da deputación de Pontevedra, no marco do convenio de encomenda de xestión entre a deputación de Pontevedra e a Axencia estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas m.p. (csic), a través do instituto de ciencias do patrimonio, para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais da subvención (Expte.2022033316)

Darlle traslado do presente acordo o CSIC-INCIPIIT, a Intervención e ao Servizo de Turismo Rías Baixas.



27.33679.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DE CANGAS DO MORRAZO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO, PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2023. (Expte. 2023023162)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 (Acordo núm. 5.32484), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 38 de 23 de febreiro de 2023.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 4 de agosto de 2023 (Acordo núm. 18.32887), concederlle á Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas do Morrazo, con CIF G-36316792, unha subvención de 3.500,00 € para o programa “*Proxecto de dinamización da lingua galega na Feira de Oportunidades do Morrazo 2023*”.

Con data de 7 de marzo de 2024 e número de rexistro WEB2024015967, a Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas do Morrazo presenta renuncia á subvención concedida no seu día, xa que non puideron levar a cabo a actividade no prazo establecido.

Con data de 8 de marzo de 2024, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 12 de marzo de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).



- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14^a da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas do Morrazo presenta, en data de 7 de marzo de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 para o “*Proxecto de dinamización da lingua galega na Feira de Oportunidades do Morrazo 2023*”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 8 de marzo de 2024 (CSV: Z56GGFBHF82VUKTR) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 12 de marzo de 2024 (CSV: 676RBZT8CQ41XSH7), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aceptar a renuncia da Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas do Morrazo á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 para o “*Proxecto de dinamización da lingua galega na Feira de Oportunidades do Morrazo 2023*”. (Expte. 2023023162).

Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.

Darlle traslado do presente acordo á *Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas do Morrazo*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.



28.33680.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN PEDRO DE BORDÓNS DO CONCELLO DE SANXENXO Á SUBVENCIÓN PARA A “XII FESTA LABREGA: POSTA EN VALOR DA CULTURA GALEGA (VIDA E COSTUMES)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023. (Exp.te.2023010982)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023” (Acordo núm. 11.32490), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 22 de 1 de febreiro de 2023.

Segundo.- En data 25/03/2023, Esteban Miniño Otero, en representación da Asoc. Cultural San Pedro de Bordóns (NIF: G-36.376.952) do concello de Sanxenxo, presenta unha solicitude para o proxecto “Festa Labrega: posta en valor da Cultura Galega (Vida e costumes)”, achegando un orzamento por importe de 3.679,98 €.

Terceiro.- Ao abeiro de dita convocatoria, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 16 de xuño de 2023 (Acordo núm. 3.32752) acordou concederlle á Asoc. Cultural San Pedro de Bordóns (NIF: G-36.376.952) unha subvención por importe de 942,20 € para o proxecto “Festa Labrega: posta en valor da Cultura Galega (Vida e costumes)” con cargo á aplicación orzamentaria 23/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 25 de marzo de 2024 e número de rexistro WEB2024019392, Esteban Miniño Otero, en representación da Asoc. Cultural San Pedro de Bordóns, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola falta de documentación xustificativa por parte da asociación para dita axuda.

Quinto.- Con data 2 de abril de 2024 Intervención fiscaliza de xeito favorable (CSV: NT04E7JRC3PFI3IJ) a renuncia presentada pola Asoc. Cultural San Pedro de Bordóns (NIF: G-36.376.952).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 22 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).



- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia, sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adjudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Cuarto.- Por outra banda, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados da desistencia ou a renuncia.

É dicir, tanto a desistencia como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión da subvención obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asoc. Cultural San Pedro de Bordóns (NIF: G-36.376.952) do concello de Sanxenxo, á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 942,20 € para a organización da “*XII Festa Labrega: Posta en valor da cultura galega (Vida e costumes)*” (documento co CSV: CTBFOHVCRZAE9N4K).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

29.33681.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN FEMINISTAS DE CATOIRA PARA O “ROTEIRO DE DIVULGACIÓN HISTÓRICA NA CONTORNA DAS TORRES DO OESTE” DO CONCELLO DE CATOIRA, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023. (Expte.2023014556)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as “*Bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023*” (Acordo núm. 11.32490), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 22 de 1 de febreiro de 2023.

Segundo.- En data 01/03/2023, Alba Ferro Figueira, en representación da *Asoc. Feministas de Catoira* (NIF: G-72.806.359) do concello de Catoira, presenta unha solicitude para o proxecto “*Roteiro de divulgación histórica na contorna das Torres do Oeste*”, achegando un orzamento por importe de 270,00 €.

Terceiro.- Ao abeiro de dita convocatoria, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 16 de xuño de 2023 (Acordo núm. 3.32752) acordou concederlle á *Asoc. Feministas de Catoira* (NIF: G-72.806.359) unha subvención por importe de 167,36 € para o proxecto “*Roteiro de divulgación histórica na contorna das Torres do Oeste*” con cargo á aplicación orzamentaria 23/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 25 de marzo de 2024 e número de rexistro WEB2024019246, Alba Ferro Figueira, en representación da *Asoc. Feministas de Catoira*, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de realizar a xustificación nos termos establecidos.

Quinto.- Con data 2 de abril de 2024 Intervención fiscaliza de xeito favorable (CSV: QMX9ZERQWZOGX8FH) a renuncia presentada pola *Asoc. Feministas de Catoira* (NIF: G-72.806.359).



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 22 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia, sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Cuarto.- Por outra banda, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados da desistencia ou a renuncia.



É dicir, tanto a desistencia como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión da subvención obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asoc. Feministas de Catoira (NIF: G-72.806.359), do *Concello de Catoira*, á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 167,36 € para a organización “*Roteiro de divulgación histórica na contorna das Torres do Oeste*” (documento co CSV: EN9PEUA2MKOGSHML).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

30.33682.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN AO MINISTERIO PARA A MODIFICACIÓN DA DESAGREGACIÓN DO IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO DAS DISTINTAS CATEGORÍAS DE GASTOS DO PROXECTO “DA TÚA MAN”, FINANCIADO NUN 80% POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (ORDE ICT/950/2021, DE 10 DE SETEMBRO MODIFICADA POLA ORDE ICT/566/2022, DE 15 DE XUÑO) (Expte.2022049323)

O 27 de febreiro de 2023 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” cun orzamento financiable por un importe de 624.965,00 euros e 499.972,00 euros de subvención proposta. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo (nº 40.32418) de aprobación do citado proxecto.

Con data 5 de marzo de 2024, o Ministerio autoriza a modificación do cronograma con ampliación de prazo para a execución do proxecto, solicitada pola Deputación de Pontevedra, ata o 31 de decembro de 2024.



O artigo 21.2. da Orde ICT/950/2021 establece que as circunstancias específicas que poden dar lugar á modificación da resolución de concesión son “a) *Causas sobrevenidas que no puideron preverse en el momento de la solicitud, y que no fuesen previsibles con anterioridad.*

b) *Necesidad de ajustar la actividad a especificaciones técnicas, de salud, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación de la ayuda.*

c) *La modificación del desglose del importe total subvencionado de las distintas categorías de gastos, siempre y cuando sea presupuestariamente posible y no suponga incremento de la cuantía inicialmente concedida y esté debidamente motivada.”*

Tendo en conta o grado de execución previsto no orzamento de cada unha das actuacións e as accións pendentes de realizar procede solicitar ao órgano competente a modificación da desagregación do importe total subvencionado que se xustifica en base ao artigo 21.2 da Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro e o punto 11 do artigo único da Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño que modifica a citada Orde.

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local de data 11 de abril de 2024 no que conclúe que “*Para la ejecución de las actuaciones se iniciaron los correspondientes expedientes de contratación resultando que en algunas de aquellas los importes de licitación se vieron incrementados respecto al presupuesto inicialmente previsto en la memoria del proyecto derivado, en general, a ajustes a precios de mercado en el momento de la tramitación. Y, por otro lado, otras actuaciones se adjudicaron por un importe inferior debido a las bajas en las licitaciones o ajuste de las acciones concretas a llevar a cabo.*

Por tanto, se hace necesario plantear una modificación del desglose del importe total subvencionado de las distintas categorías de gastos para poder ejecutar en otras actuaciones las acciones pendientes. La modificación planteada en la memoria justificativa con Código Seguro de Verificación (CSV: J2CO3E8FCCG6OEWX) es posible al existir sobrantes en algunas actuaciones y no supone un incremento de la cuantía inicialmente concedida. Así mismo, la modificación no varía el destino o finalidad de la subvención ni los objetivos y tampoco altera la actividad, actuación o comportamiento para los que se concedió.”

De acordo á citada memoria a modificación da desagregación do importe total subvencionado das distintas categorías de gastos é a seguinte:

<i>“Distribución del presupuesto por conceptos</i>			
<i>Conceptos financiables</i>	<i>Presupuesto financiable (€)</i>	<i>Subvención (€) correspondiente al financiable</i>	<i>Modificación del presupuesto financiable (€)</i>
<i>Gastos dirigidos a la transformación digital</i>	72.600,00	58.080,00	75.638,32
<i>Gastos referidos a transformación del punto de venta</i>	124.267,00	99.413,60	110.954,86
<i>Gastos relativos a sostenibilidad y economía circular</i>	225.302,00	180.241,60	213.418,22
<i>Gastos relativos a la cadena de suministro y trazabilidad</i>	198.440,00	158.752,00	220.597,60
<i>Gastos de sensibilización y formación</i>	4.356,00	3.484,80	4.356,00
<i>Otros gastos subvencionables</i>	0	0	0
TOTAL ACTUACIONES	624.965,00	499.972,00	624.965,00



<i>Desglose conceptos financiados</i>					
<i>Conceptos financiables</i>	<i>Presupuesto presentado (€)</i>	<i>Presupuesto financiable (€)</i>	<i>Modificación del presupuesto financiable (€)</i>	<i>Fecha inicio</i>	<i>Fecha finalización</i>
<i>Gastos dirigidos a la transformación digital</i>	72.600,00	72.600,00	75.638,32		
<i>Campañas de comunicación y promoción en soportes digitales</i>	72.600,00	72.600,00	75.638,32	02-23	12-24
<i>Gastos referidos a transformación del punto de venta</i>	124.267,00	124.267,00	110.954,86		
<i>Adaptación de la accesibilidad al entorno comercial</i>	81.675,00	81.675,00	62.696,79	02-23	12-24
<i>Señalética integrada</i>	42.592,00	42.592,00	48.258,07	02-23	12-24
<i>Gastos relativos a sostenibilidad y economía circular</i>	225.302,00	225.302,00	213.418,22		
<i>Promoción de packaging sostenible</i>	32.670,00	32.670,00	37.944,70	02-23	12-24
<i>Instalación de islas ecológicas y actuaciones de economía circular</i>	139.271,00	139.271,00	134.540,97	02-23	12-24
<i>Dispositivos para el reciclaje de residuos especiales</i>	53.361,00	53.361,00	40.932,55	02-23	12-24
<i>Gastos relativos a la cadena de suministro y trazabilidad</i>	198.440,00	198.440,00	220.597,60		
<i>Red de comercio minorista, productores locales y proveedores</i>	198.440,00	198.440,00	220.597,60	02-23	12-24
<i>Gastos de sensibilización y formación</i>	4.356,00	4.356,00	4.356,00		
<i>Sensibilización y formación teórica y práctica de habilidades y uso y gestión de herramientas tecnológicas en el comercio</i>	3.630,00	3.630,00	3.630,00	02-23	12-24
<i>Sensibilización y campañas para el fomento de estrategias de economía circular</i>	726,00	726,00	726,00	02-23	12-24"

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de abril de 2024 en relación á dita modificación segundo o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.



En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o *Ministerio de Economía, Comercio e Empresa* (anterior Ministerio de Industria Comercio e Turismo), a solicitude de modificación da resolución de concesión para a modificación da desagregación do importe total subvencionado das distintas categorías de gastos do proxecto “Da túa man” aprobado na convocatoria de 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro modificada pola Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño), de acordo á memoria xustificativa con Código Seguro de Verificación (CSV: J2CO3E8FCCG6OEWX).

31.33683.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN AO MINISTERIO PARA A MODIFICACIÓN DA DESAGREGACIÓN DO IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO DAS DISTINTAS CATEGORÍAS DE GASTOS DO PROXECTO “DA TÚA MAN”, FINANCIADO NUN 100% POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2023 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (ORDE ICT/950/2021, DE 10 DE SETEMBRO MODIFICADA POLA ORDE ICT/566/2022, DE 15 DE XUÑO E A ORDE ICT/185/2023 DE 22 DE FEBREIRO) (Expte.2023023209)

O 3 de novembro de 2023 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” cun orzamento financiable por un importe de 500.000,00 € e 500.000,00 € de subvención proposta. O dito proxecto, foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 6 de outubro de 2023 (acordo nº 3.33016) condicionado á recepción da citada notificación de resolución de concesión.

Con data 26 de febreiro de 2024, o Ministerio autoriza a modificación do cronograma con ampliación de prazo para a execución do proxecto, solicitada pola Deputación de Pontevedra, ata o 31 de decembro de 2024.

O artigo 21.2. da Orde ICT/950/2021 establece que as circunstancias específicas que poden dar lugar á modificación da resolución de concesión son “a) *Causas sobrevenidas que no puideron preverse en el momento de la solicitud, y que no fuesen previsibles con anterioridad.*

b) *Necesidad de ajustar la actividad a especificaciones técnicas, de salud, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación de la ayuda.*



c) La modificación del desglose del importe total subvencionado de las distintas categorías de gastos, siempre y cuando sea presupuestariamente posible y no suponga incremento de la cuantía inicialmente concedida y esté debidamente motivada.”

Tendo en conta o grado de execución previsto no orzamento de cada unha das actuacións e as accións pendentes de realizar procede solicitar ao órgano competente a modificación da desagregación do importe total subvencionado que se xustifica en base ao artigo 21.2 da Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro e o punto 11 do artigo único da Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño que modifica a citada Orde.

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local de data 11 de abril de 2024 no que conclúe que *“Para la ejecución de las actuaciones se iniciaron los correspondientes expedientes de contratación resultando que en algunas de aquellas los importes de licitación se vieron incrementados respecto al presupuesto inicialmente previsto en la memoria del proyecto derivado, en general, a ajustes a precios de mercado en el momento de la tramitación. Y, por otro lado, otras actuaciones se adjudicaron por un importe inferior debido a las bajas en las licitaciones o ajuste de las acciones concretas a llevar a cabo.*

Por tanto, se hace necesario plantear una modificación del desglose del importe total subvencionado de las distintas categorías de gastos para poder ejecutar en otras actuaciones las acciones pendientes. La modificación planteada en la memoria justificativa con Código Seguro de Verificación (CSV: 3HH2SW01OQT9U1QU) es posible al existir sobrantes en algunas actuaciones y no supone un incremento de la cuantía inicialmente concedida. Así mismo, la modificación no varía el destino o finalidad de la subvención ni los objetivos y tampoco altera la actividad, actuación o comportamiento para los que se concedió.”

De acordo á citada memoria a modificación da desagregación do importe total subvencionado das distintas categorías de gastos é a seguinte:

<i>“Distribución del presupuesto por conceptos</i>			
<i>Conceptos financiables</i>	<i>Presupuesto financiable (€)</i>	<i>Subvención (€) correspondiente al financiable</i>	<i>Modificación del presupuesto financiable (€)</i>
<i>Gastos dirigidos a la transformación digital</i>	<i>36.300,00</i>	<i>36.300,00</i>	<i>38.753,40</i>
<i>Gastos referidos a transformación del punto de venta</i>	<i>95.962,80</i>	<i>95.962,80</i>	<i>68.197,98</i>
<i>Gastos relativos a sostenibilidad y economía circular</i>	<i>233.651,00</i>	<i>233.651,00</i>	<i>226.206,20</i>
<i>Gastos relativos a la cadena de suministro y trazabilidad</i>	<i>83.145,20</i>	<i>83.145,20</i>	<i>119.318,22</i>
<i>Gastos de sensibilización y formación</i>	<i>4.356,00</i>	<i>4.356,00</i>	<i>4.356,00</i>
<i>Otros gastos subvencionables</i>	<i>46.585,00</i>	<i>46.585,00</i>	<i>43.168,20</i>
TOTAL ACTUACIONES	500.000,00	500.000,00	500.000,00



<i>Desglose conceptos financiados</i>					
<i>Conceptos financiables</i>	<i>Presupuesto presentado (€)</i>	<i>Presupuesto financiable (€)</i>	<i>Modificación del presupuesto financiable (€)</i>	<i>Fecha inicio</i>	<i>Fecha de finalización</i>
<i>Gastos dirigidos a la transformación digital</i>	36.300,00	36.300,00	38.753,40		
<i>Campañas de comunicación y promoción en soportes digitales</i>	36.300,00	36.300,00	38.753,40	07-23	12-24
<i>Gastos referidos a transformación del punto de venta</i>	95.962,80	95.962,80	68.197,98		
<i>Adaptación de la accesibilidad al entorno comercial</i>	95.962,80	95.962,80	68.197,98	07-23	12-24
<i>Gastos relativos a sostenibilidad y economía circular</i>	233.651,00	233.651,00	226.206,20		
<i>Promoción de packaging sostenible</i>	29.282,00	29.282,00	33.491,20	07-23	12-24
<i>Instalación de islas ecológicas y actuaciones de economía circular</i>	145.079,00	145.079,00	131.925,00	07-23	12-24
<i>Dispositivos para el reciclaje de residuos especiales</i>	59.290,00	59.290,00	60.790,00	07-23	12-24
<i>Gastos relativos a la cadena de suministro y trazabilidad</i>	83.145,20	83.145,20	119.318,22		
<i>Red de comercio minorista, productores locales y proveedores</i>	83.145,20	83.145,20	119.318,22	07-23	12-24
<i>Gastos de sensibilización y formación</i>	4.356,00	4.356,00	4.356,00		
<i>Sensibilización y formación teórica y práctica de habilidades y uso y gestión de herramientas tecnológicas en el comercio</i>	3.630,00	3.630,00	3.630,00	07-23	12-24
<i>Sensibilización y campañas para el fomento de estrategias de economía circular</i>	726	726	726,00	07-23	12-24
<i>Otros gastos subvencionables</i>	46.585,00	46.585,00	43.168,20		
<i>Señalética integrada</i>	46.585,00	46.585,00	43.168,20	07-23	12-24”

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de abril de 2024 en relación á dita modificación segundo o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.



En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o *Ministerio de Economía, Comercio e Empresa (anterior Ministerio de Industria Comercio e Turismo)*, a solicitude de modificación da resolución de concesión para a modificación da desagregación do importe total subvencionado das distintas categorías de gastos do proxecto “Da túa man” aprobado na convocatoria de 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro modificada pola Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro), de acordo á memoria xustificativa con Código Seguro de Verificación (CSV: 3HH2SW01OQT9U1QU).

32.33684.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2024023893)

Vista a relación de facturas con número 2024023893, que contén 37 facturas e por un importe de 59.591,17€ e con CSV: G3ZO34RBVGLD8RN9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 08/04/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extrajudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	58.571,46 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.019,71 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	59.591,17 €

33.33685.- APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DE SOBROSO DENTRO DA ACTUACIÓN 1 DO PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA DO CONDADO PARADANTA “UNHA TERRA ENTRE RÍOS”, APROBADO NO MARCO DO PLAN TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION EU (Expte.2023027338)

Mediante a Resolución presidencial núm. 2023007003, de 15 de setembro de 2023, adxudícase o contrato do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do servizo de redacción do Plan director de Sobroso dentro da actuación 1 do Plan de sostibilidade turística do Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos, no marco do Plan territorial da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU á empresa Kultura, Ideas e Estratexias para o Patrimonio, con CIF B-63 124 523.



A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de sostibilidade turística en destino, no marco do Programa de sostibilidade turística en destinos. A estratexia instrumentase ao redor de programas de plans de sostibilidade turística en destinos nos que participan os tres niveis de administracións turísticas: a Administración xeral do Estado, as comunidades ou cidades autónomas e as entidades locais.

A súa aprobación permitiu iniciar a convocatoria correspondente ao exercicio de 2021 do Programa extraordinario de sostibilidade turística en destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de modernización e competitividade do sector turístico, compoñente 14 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en diante, PRTR). Nel, e como parte do compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de transformación do modelo turístico cara á sostibilidade, que inclúe o Programa de plans de sostibilidade turística en destinos coma a submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperativa entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de sostibilidade turística en destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e das entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas, e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

De acordo co procedemento establecido na Estratexia de sostibilidade turística en destino, aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Plan territorial de sostibilidade turística litoral de Galicia, que integra o Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) da Deputación de Pontevedra no Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos.

Tras a apertura da convocatoria e a remisión dos PSTD no prazo establecido, as propostas destes e de actuacións de cohesión entre destinos (ACD) foron valoradas por parte das comunidades autónomas e da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) de acordo con criterios obxectivos establecidos na propia estratexia. Posteriormente, a Axencia de Turismo de Galicia e SETUR compartiron, nunha sesión, formalmente convocada o 5 de novembro de 2021, do Comité Consultivo, formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous de SETUR e unha da FEGAMP, as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria de 2021. Na devandita reunión presentouse un informe que contiña a lista de todos os PSTD recibidos, as ACD e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta convocatoria do Comité Consultivo convidouse, con voz e sen voto, un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentara PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan territorial de Galicia, que inclúe os PSTD e ACD que, ao obter unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial segundo o marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD) coma ás sinerxías e á aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatal, así como cos obxectivos xerais e específicos da estratexia.



A Deputación de Pontevedra, mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino, o 17 de setembro de 2021 presentou o proxecto Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos, o cal presenta as seguintes características:

Obxectivo xeral: promover o crecemento equilibrado e impulsar a renovación do sector turístico de Condado Paradanta e orientalo na dinámica do turismo sostible e mellorar a calidade de vida na contorna. O modelo de desenvolvemento turístico destas comarcas implicará a dinamización económica e social da comunidade e a preservación do seu patrimonio natural e cultural. Situaranse as persoas no centro da estratexia potenciando a xeración de oportunidades e a participación cidadá e dos visitantes no desenvolvemento dun novo modelo turístico orientado cara á sustentabilidade e á creación de tecido produtivo e asociativo. Prevese mellorar a rendibilidade social e económica do turismo nas comarcas.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 3 anos (desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024).

Ámbito de actuación do proxecto: os concellos das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, A Cañiza, Arbo, Covelo e Crecente.

Actuacións:

Actuación	Custo total
ACT001. Plan director da contorna do castelo de Sobroso	113.000,00 €
ACT002. Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos	247.000,00 €
ACT003. Plan de iluminación eficiente do patrimonio	200.000,00 €
ACT004. Plan integral da mobilidade e accesibilidade do destino	155.000,00 €
ACT005. Produto de realidade virtual arredor da Festa do Corpus de Pontearreas	70.000,00 €
ACT006. Ferramentas dixitais para a interpretación de castros e pesqueiras	180.000,00 €
ACT007. Recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea	75.000,00 €
ACT008. A Festa de Corpus Christi en Pontearreas. Creación do primeiro museo ao aire libre	130.000,00 €
ACT009. Plan de márketing e creación de marca	80.000,00 €
ACT010. Configuración e desenvolvemento de novos produtos turísticos sustentables. Centro BTT	80.000,00 €
ACT011. Club de produto da lamprea	120.000,00 €
ACT012. Apoio ao ente xestor. Coordinación, seguimento e avaliación do plan	50.000,00 €
Total de gastos	1.500.000,00 €



Financiamento: 100%, o ministerio.

Orzamento financiable: 1.500.000,00 € (sen IVE; este non será financiable).

Subvención proposta: 1.500.000,00 € (sen IVE).

Na Resolución do 23 de decembro de 2021 da Secretaría de Estado de Turismo pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do compoñente 14, investimento 1, do PRTR, indícase que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 29,38 millóns de euros, entre os que se inclúen 1.500.00,00 € para o proxecto de Condado Paradanta presentado pola Deputación de Pontevedra.

Finalmente, no BOE do 13 de xaneiro publícase a Resolución do 4 de xaneiro de 2022 da Secretaría de Estado de Turismo pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas e se formalizan os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do compoñente 14, investimento 1, do PRTR, para o exercicio de 2021, tamén consta no crédito asignado a PT Galicia 2021 ao PSTD Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos, no que se detalla a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 1.500.000,00 €.

A Deputación de Pontevedra acepta o financiamento mencionado, polo que procede á aprobación do proxecto e á xeración do crédito necesario segundo o acordo plenario do 29 de xullo de 2022, numero 6.7832, Aceptación da subvención e compromisos de execución do proxecto 92210005, Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos” (expediente 2021047846), e o 11 de novembro de 2022 asínase o convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Pontevedra para executar o Plan de sostibilidade turística en destino Condado- Paradanta. Unha terra entre ríos, no marco do PRTR financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU.

Para executar a actuación 1 do PSTD, Plan director da contorna do castelo de Sobroso, é imprescindible redactar un plan director que estableza os usos da contorna do castelo de Sobroso e as diferentes actuacións que se deben levar a cabo tanto para executar dentro do plan de sostibilidade coma unha vez rematado este. A contorna natural do castelo de Sobroso enmárcase nun bosque que dispón dunha senda botánica de gran valor ecolóxico. O seu nome fai referencia á sobreira, o que implica unha conexión directa coa contorna natural na que se sitúa. A actuación estará orientada a reforzar a narrativa da recente intervención e ofrecer actividades complementarias á visita do conxunto para a súa posta en valor ambiental. Así mesmo, deberanse atender as medidas de renaturalización da contorna que melloren a biodiversidade do espazo e destaquen a importancia das especies autóctonas do bosque atlántico.



Finalizado o prazo, a adxudicataria entrega o Plan director de Sobroso, tras a súa lectura e análise, aínda que maioritariamente a súa redacción foi realizada pola empresa coa colaboración do equipo técnico de Turismo Rías Baixas, convocaranse diferentes reunións de traballo co equipo do servizo e co Concello de Pontearreas para trasladarlle o plan con carácter definitivo á presidencia a finais do mes de marzo.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

No expediente consta a seguinte documentación:

A. DIAGNÓSTICO

A.1. Descrición do ámbito de actuación

A.1.1. O parque do castelo de Sobroso

A.1.2. Situación urbanística do castelo

A.1.3. Denominacións das unidades que constitúen o proxecto

A.2. Identificación, definición e diagnóstico do espazo natural

A.3. Identificación, definición e diagnóstico do patrimonio cultural

A.3.1. O castelo de Sobroso

A.3.1.1. Localización e historia

A.3.1.2. Musealización

A.3.2. Patrimonio arqueolóxico e histórico

A.3.2.1. O castelo e a súa leira

A.3.2.2. Vilasobroso

A.3.2.3. Monte Landín

A.4. Análise dos usos, servizos e xestión do complexo

A.4.1. A xestión: o convenio do Concello de Pontearreas coa Deputación de Pontevedra

A.4.2. A xestión da visita ao castelo

A.4.3. Estudo de público

A.4.4. A xestión da área exterior

A.4.5. Recursos da contorna con demanda turística

A.4.6. Definición do público obxectivo

A.5. Análise de mobilidade e accesos

A.6. Proceso participativo para a formulación estratéxica

A.7. Conclusións e análises estratéxicas do parque do castelo de Sobroso e a súa contorna

B. PARTE PROPOSITIVA

B.1. Obxectivos e liñas estratéxicos

B.1.1. Obxectivos estratéxicos

B.1.2. Liñas estratéxicas

B.2. Misión, visión e valores

B.3. Unha visión integradora: o concepto da paisaxe cultural de Sobroso

B.3.1. Definición de paisaxe cultural

B.3.2. A normativa das paisaxes culturais

B.3.3. A proposta para o parque do castelo de Sobroso



- B.4. Liñas de acción e actuacións
- B.4.1. Criterios
- B.4.2. Delimitación do parque, mobilidade, accesos e seguridade **¡Error! Marcador no definido.**
- B.4.2.1. Levantamento topográfico
- B.4.2.2. Delimitación
- B.4.2.3. Mobilidade, accesos e accesibilidade
- B.4.2.4. Seguridade
- B.4.2.5. Estudo da capacidade de carga do parque
- B.4.3. A renaturalización da contorna natural
- B.4.3.1 Revisión das especies dos xardíns
- B.4.3.2. Revisión do espazo marcado como área forestal
- B.4.3.3. Os elementos arquitectónicos e botánicos destacados
- B.4.3.4. Inventario de flora actualizado
- B.4.3.5. Conservación e sostibilidade
- B.4.3.6. Outras actuacións
- B.4.4. Ordenación do espazo e plan de usos
- B.4.4.1. Zonificación
- B.4.4.2. Sinalización
- B.4.4.3. Iluminación
- B.4.6. Propostas de dinamización
- B.4.6.1. Creación dunha área recreativa
- B.4.6.2. Sendas e rutas
- B.4.6.3. Aula da natureza
- B.4.6.4. A proposta educativa e didáctica para familias
- B.4.6.5. Readaptación do espazo museográfico no interior do castelo
- B.4.6.6. Espazo para espectáculos e actividades culturais
- B.4.6.7. Evento anual
- B.4.7. Servizos
- B.4.8. Comunicación e márketing
- B.4.9. Plan de mantemento
- B.4.10. Gobernanza e sistema de xestión
- B.6. Fichas resumo das actuacións
- Proxecto integral de mobilidade, accesos e accesibilidade
- B.7. Táboa resumo de actuacións, orzamento e prioridades
- B.8. Cronograma

Neste sentido, cómprese co requirido nos pregos de condicións técnicas que regularon o procedemento, e o plan convértese nun documento marco que guiará a política turística do recinto, baixo os criterios de rigor, planificación e obxectivos medibles coa finalidade de converter o parque nun recurso turístico de excelencia e sostible.



Este plan director establece dous espazos diferenciados:

- Espazo natural. Contorna conformada por un bosque atlántico de gran valor ecolóxico que debe renaturalizarse, recuperar o bosque autóctono, o sotobosque e as plantas aromáticas e eliminar especies invasoras que xeran un grave desequilibrio no ecosistema e minguan a biodiversidade da contorna.
- Espazo cultural. Propóñense estratexias para controlar o acceso ao recinto e establecer aparcadoiros, zonas de recreo, recursos educativos, servizos de seguridade e videovixilancia do espazo monumental.

O plan propón sobre todo implementar algunhas das intervencións máis urxentes e, ademais, deixa perfectamente planificadas todas as demais, atendendo a criterios coma a mitigación de impactos e riscos ambientais ou a rexeneración do solo.

O plan desenvolverase en tres anos, con accións e programas operativos anuais que atendan ao espazo natural e cultural do castelo e á súa contorna. Con todo, en función do ritmo de execución, é bastante probable que algunhas das accións se prolonguen no tempo. Neste documento establécense os usos da contorna do castelo e as diferentes actuacións que se deben realizar.

A posta en marcha deste Plan director implicará a dinamización económica e social da comunidade e a preservación do patrimonio natural e cultural tanto do castelo coma da súa contorna.

O documento analiza o potencial cultural, educativo, turístico e económico do castelo e a súa contorna desde a sostibilidade e as propostas para contribuír ao desenvolvemento económico e social do territorio provincial co obxectivo de mellorar a oferta turística e aumentar a demanda de visitantes.

O Plan director do castelo de Sobroso pretende ser a folla de ruta que guíe a institución provincial e os organismos implicados na súa xestión para unha mellor planificación e execución de accións ou proxectos que poñan en valor o patrimonio cultural e natural da contorna do castelo mediante medidas de protección, conservación, restauración, documentación, investigación, difusión, accesibilidade e desenvolvemento sostible. Estas accións ou proxectos contribúen a impulsar a atracción do turista, a diversificación de produtos e servizos turísticos, a mellora da calidade e a promoción do destino.

En definitiva, o plan propón a actuación sobre un ben cultural e a súa contorna ambiental, con criterios de sostibilidade, e sempre preservando os seus valores, co fin de converter o conxunto nun produto do patrimonio cultural e ambiental que poida ser gozado pola sociedade, tanto pola poboación local coma polas persoas que acoden a visitalo, de forma que poida converterse nun referente na provincia de Pontevedra.

O documento consta dun cronograma e cun detalle orzamentario por ano, non supón a aprobación de ningún gasto, debido a que o devandito documento se configura como un instrumento de planificación do recinto nos seguintes anos e, polo tanto, non é preceptivo o informe do Servizo de Intervención.

Segundo o artigo 307.1 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, relativo ao cobro dos contratos de servizos, “*a Administración determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cobro...*”.



En consecuencia, visto o que antecede, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o Plan director de Sobroso dentro da actuación 1 do Plan de sostibilidade turística do Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos, no marco do Plan territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU.

34.33686.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “PONTEVEDRA, PROVINCIA +INCLUSIVA” PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO SITUADAS EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS E A ADQUISICIÓN DE AXUDAS TÉCNICAS(CSX D/24). (Expte. 2023072114)

1º.- De conformidade có establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se establece a atención especializada como un dos niveis nos que se estrutura o sistema de servizos sociais, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, e de acordo có disposto no seu artigo 63, as Deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Así mesmo no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, dispónse que son competencias propias das Deputacións provinciais ou entidade equivalente, as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Por outra banda, o artigo 22 do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, recoñece o dereito das persoas con discapacidade a vivir de forma independente e a participar activamente en todos os aspectos da vida, para o que os poderes públicos han de adoptar as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, entre outros aspectos na información e comunicacións e en outros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas coma rurais.

2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca unha nova liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, có fin de promover a accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas. Con esta convocatoria, enmarcada dentro do programa “Pontevedra, provincia + inclusiva”, a Deputación de Pontevedra busca promover condicións de seguridade e autonomía para as persoas usuarias das entidades solicitantes, como elemento facilitador da participación activa no uso e desfrute dos diferentes espazos e recursos.



3º.- O obxecto destas bases é aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas á promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas destinadas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que se atopen inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), sendo titulares ou xestoras de Centros ou Programas de servizos sociais nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade para o ano 2024.

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, conforme o establecido nas bases e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- c) Eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, salvo da Deputación de Pontevedra; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada.

4º.- Serán subvencionables, en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que esta teña un dereito de uso por calquera título válido en dereito por un mínimo de 5 anos seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes gastos, podendo incluír na solicitude un ou varios dos gastos subvencionables:

- Gastos derivados das obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles nas instalacións das entidades solicitantes.
- Os custos de redacción da memoria do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables dende o punto de vista legal para a execución da obra de reforma ou acondicionamento.
- Gastos para a adquisición de sistemas inclusivos de comunicación, informáticos, audiovisuais, dispositivos braille, sintetizadores de voz, dispositivos de alarma mediante sinais luminosas ou acústicas ou mediante vibracións etc.,
- Gastos derivados das adquisicións de axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), grúas e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos subescaleiras motorizados, cadeiras para a ducha, e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante.

5º.- A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 24/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024, ascende a 180.000,00 €.

A contía máxima da subvención para cada solicitude non poderá exceder o 80% do seu orzamento, nin da cantidade de dez mil (10.000,00) euros.



As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno, previo informe da Comisión de Valoración, proposta de resolución do órgano instrutor e informe de intervención, de acordo co establecido na base décimo segunda.

6º.- Con data 1 de abril de 2024 e 11 de abril de 2024, Secretaría Xeral e Intervención, emiten informe favorable, respectivamente.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Bases de execución do Orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras do programa “*Pontevedra, provincia + Inclusiva*” para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas no ano 2024

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có CSV: M3BTVK48F4GO00V8

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>

35.33687.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIÓN DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS “ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024”. (Expte. 2024002977)

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión e ao fomento da cultura galega e á normalización social da lingua galega, pretende promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.



Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e poderán beneficiarse deste programa as entidades culturais que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra ou acreditar fidedignamente que teñen a súa sede ou unha delegación nela, e que as súas actividades se realizarán no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra desta cando versen sobre temas de interese para a provincia.
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

O 18 de marzo de 2024, a Presidencia ordena a elaboración dunha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024, e solicítaselle ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

O 19 de marzo de 2024, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe do programa indicado, con CSV: X1XTBQASTTYWNPEK, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 19 de marzo de 2024, a área de Secretaría emite informe, con CSV: GLPDIYXBOZ4KQY8A, sobre as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.

O 15 de abril de 2024, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: BUOELDTM2JDCLKEU, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 24/334.3340.489.05 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 202400084660, por importe de 150.000,00 €.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”



No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, *“a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”*.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (150.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as “*Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024*”, que figuran co CSV: JX9L7ASX9R7WX4ZQ

36.33688.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIÓN DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS “ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024” (Expte. 2024002979)

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión e ao fomento da cultura galega e á normalización social da lingua galega, pretende promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

O 18 de marzo de 2024, a Presidencia ordena a elaboración dunha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024, e solicítaselle ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

O 19 de marzo de 2024, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe do programa indicado, con CSV: MGF4Y5LRSLEMT1FE, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 19 de marzo de 2024, a área de Secretaría emite informe, con CSV: MT27Z9THRABKKBZ8, sobre as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.



O 2 de abril de 2024, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: OK4I9L2CQW6YZJ33, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 24/334.3340.462.04 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 202400081885, por importe de 150.000,00 €.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “*O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.*”.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.



- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, *“a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”*.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (150.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as *“Bases de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2024”*, que figuran co CSV: HBQ3TQ8RC90YZZTL.

37.33689.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 12/04/2024 (NÚM. 2.33628), POLO QUE SE APROBABA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA “COPA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024”. (Expte.2024022959)

No acordo núm. 2.33628 adoptado na Xunta de Goberno do 12 de abril de 2024, polo que se aprobaba o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da “Copa Deputación de Pontevedra 2024”, detéctase un erro no documento co CSV: OBI4UGQT1RBE0YGH.

Onde figura: *“Segunda. Equipos participantes*

Teñen o dereito a participar nesta competición masculina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría afeccionados de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.



Teñen o dereito a participar na competición feminina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría sénior feminino de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador”

Debe figurar: “Segunda. Equipos participantes

Teñen o dereito a participar nesta competición masculina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría afeccionados de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.

Teñen o dereito a participar na competición feminina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría sénior feminino de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.”

Verificada a existencia de devandito erro polo centro xestor desta convocatoria, procede a súa rectificación de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar o acordo núm. 2.33628 adoptado na Xunta de Goberno do 12 de abril de 2024 polo que se aprobaba o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da “Copa Deputación de Pontevedra 2024 ”, nos termos expostos anteriormente.

Permanecendo invariable o resto do contido do citado acordo.

38.33690.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

39.33691.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

40.33692.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

